

| | |
|--|--|
| Comunidade Autónoma / Departamento / Estado | GALICIA |
| Municipio | LALÍN |
| Edificio | Capela da Virxe de Montserrat. |
| Dirección | Lugar de Montserrat, 41. Donramiro. 36515 |
| | 42.65325682414578 -8.120287221783778 |
| Protección | |
| Descricion | <p>O Licenciado Juan Josef Mosquera, cura párroco de Santa María de Donramiro, bendixo o 26 de setembro de 1817, a capela do Monserrat despois da reedificación da antiga ermida dedicada a San Roque, que comezara no ano 1812, en virtude de Auto de Santa Visita, a fin de establecer xunto a ela o Cemiterio, segundo estaba acordado por considerarse o sitio máis propicio. O custo foi de 7.271 reais e 17 maravedís que se empregaron na construción da Capela Maior, sancristía, lombos das paredes, teito e cal. Na obra traballaron o canteiro Antonio González e o carpinteiro Nicolas de la Iglesia.</p> <p>A existencia da ermida de San Roque esta? testemun?ada xa en 1119 nos documentos de doazo?n da igrexa de «Sancta Mari?a de Domno Ranemiri» (hoxe Donramiro) a? igrexa lucense polo matrimonio Juan Di?az e Marina Luci, con data de 16 de xaneiro.</p> <p>Como a devandita ermida fose de pequenas dimensións e estivese deteriorada mandouse reedificala, por Auto de Santa Visita do ano 1812, a conta dos caudais da Igrexa parroquial, porque carecía de rendas propias, quedando a súa fábrica tal como a coñecemos na actualidade. No ano 1817, atopándose xa restaurada para poder celebrarse nela o Santo Sacrificio da Misa e satisfacer a devoción dos fregueses que desexaban o seu culto e conservación, Juan Josef Mosquera cura párroco de Donramiro, solicita ao Bispo de Lugo se digne conceder licenza para bendicila a capela e poder celebrar nela os actos de culto. Xunto a ela pensábase construír o cemiterio porque o lugar era despegado e ventilado xa que o cemiterio parroquial estaba a quedarse moi pequeno.</p> <p>Para seguir crescendo e aumentando a devoción á Virxe de Montserrat, no ano de 1882, sendo cura párroco de Donramiro e unidas Laureano Guitián Rubinos, desexando o citado párroco, aumentar máis e máis o culto e a devoción a esta Santa Imaxe da Virxe, solicitou e obtivo do Abade do Real Mosteiro de Montserrat de Cataluña, Miguel Muntadas e Romaní, a través de carta, do 5 de setembro de 1882, asinada por Ramiro Rondamilano, a agregación da Capela de Donramiro á Pontificia e Real Confraría da nosa Señora de Montserrat, establecida no soado Santuario, quedando agregada por concesión e Diploma, facendo partícipes aos fieis que se inscriban nela de todas as grazas e privilexios outorgados pola Cadeira Apostólica ao soado e primitivo Santuario de Montserrat de Cataluña; coa obrigación dos confrades ao ser admitido na Confraría de recibir os Santos Sacramentos para poder gañar a indulxencia plenaria, concedida ao novo Confrade polo Pontífice Pablo V. Esta confraría actualmente deixou de existir.</p> <p>A Capela actual, e de pedra cunha única nave. Destaca sobre a súa fachada o seu esvelto campanario formado por tres corpos, o inferior cadrado, o superior octogonal e sobre o mesmo remátase cunha cúpula. Sobre os laterais hai ocos en saeteira e a súa cabeza é rectangular.</p> <p>Na primeira quincena de setembro Donramiro e?nchese de vecin?os residentes noutras vilas e ate? noutros pai?ses, de amigos e de visitantes ocasionais. E? o «mes grande» destas terras, nas que se celebran as festas en honra a? Virxe do Montserra.</p> |

| | |
|---------------------------------|---|
| Campás | 2 campás. |
| Fotos | 1 |
| Toques actuais de campás | |
| Conservación, mantemento | |
| Propostas | |
| Autors da documentación | TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET |
| Data | 17-04-2026 |

Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|------------------|-------------------------------|--|------------------|------------------|------|
| Torre-campanario | <u>Menor.</u> | <u>TABOADA, JESÚS (MONEIXAS)</u> | 1895 | 55 | 96 |
| Torre-campanario | <u>Maior.</u> | <u>TABOADA, JESÚS (MONEIXAS)</u> | 1895 | 65 | 159 |

Información completa: [Capela da Virxe de Montserrat. - LALÍN \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)